

Autopoética

Andrea Nunes Brións

Na escena unha muller. Mira de fronte a un público que apenas distingue. Hai unha música estridente soando e a muller apenas pestanexa. Traga, iso si, saliva, e tenta mirar fixamente só para o foco de luz que lle ilumina todo o corpo.

As postas en escena da autora son sempre múltiples e cada unha responde a unha determinada operación de fabricación e posicionamiento, mais en realidade non hai estratexia textual, ou iso cre ela agora.

A poesía conmoveuna sempre, pensa, a das outras. Se cadra, a súa propia comezou imaxinádoa como esa *arma cargada de futuro* que dixeran Celaya, pero cree, coma Olga Novo que *a poesía debería anteceder á escrita*.

Así que pulsar nas palabras vén despois. A poesía está no manchar as mans, no que a arrasa, nos bicos suaves, no que non a deixa indemne. Logo, no urdime textual, técese vontades, desexos e loitas.

Aínda soa a música. E cada vez élle máis difícil manterse inmóbil. Segue a pensar no que nunca explica. O de fóra todo é mentira; o sistema, os *likes*, o mercado, pero dalgún xeito ela tamén participa

dese xogo, polo que poida transformar. Ten a convicción de que a moites lles servirá, como lle serve a ela mesma o de outres.

Debín escribir un poema alegre, pensa, debín poñer unha outra roupa. Que difícil é ser ela mesma, ás veces. Que difícil ser a da escena.

As imaxes logo, o que é ficción de autora, a narrativa que se constrúe dela, son irrelevantes. Sabe que o único recoñecemento que lle importa é o das amigas, o da xente que quere, aínda que as veces dubida se isto que se di a si mesma é verdade. Dubida se buscalas agora entre o público. Está moi escuro e, se cadra, iso desconcentraríaa.

Hai pouco leu que Foucault se desfecía da idea da figura autorial como suxeito de carne e óso, e concebíaa ou como entidade histórica, ou como creación conceptual grazas á cal se ordean os discursos na sociedade. O nome da autoría non reenvía simplemente a unha individualidade, senón que se refire a unha certa función que cumpren certos discursos na sociedade.

Daquela, no campo literario interesa a posición, o posicionamento que se ocupa nel, e pensa mentres en cal será o seu. Cuestiónase a modo de Val Flores, *canta suavidade soportará o seu ánimo de guerrilla?*

Ela ten, pensa, unha certa forma de soñar atlántica e, como Chus Pato, escribe *para as bestas*. Soña coa posibilidade de construír por e para o común, utilizando «a linguaxe do nos-outras» que bebeu de Ana Romaní e busca incansable *ese mar que habita baixo o deserto*.

Os seus poema son fronteirizos e teñen lagoas. O poema é protesta, disidencia, marxe, pero tamén soño, esperanza, rebelión. O poema quere atravesar os muros das prisións, ser vals e foliada, calmar a súa sede. O poema é unha vaca rumiando na lentitude do azul. O poema é a súa cabeza entre as coxas de aquela muller, é un arrouto na mesa da cociña mentres están chegando as visitas. Pode ser todo, pero nada disto ten que ver con ela. Con todas as mulleres que ela é. Coa muller que sairá do escenario após os aplausos, se é que os hai.

Pero chega o momento. Acaba a música. O foco sigue iluminándoa, ou mellor dito, cegándoa. Respira profundo, paseniño, ípese coma nunca o fixera antes e con voz firme, comeza a recitar:

Aquí vos fala un mostro,
unhe rare,
o corpo extenso, mórbido, redondo
un desexo explícito
aquí as marxas
pero ti podes chamarlle se queres
integridade.

Aquí fala a monstrea,
a fea, a peculiar, o extraño,
unha rede aberta de posibilidades
e si, soc le rare.

A carta do marqués de Quesberry
a John Douglas no 1894,
un darlle a volta,
ou reapropiarse.

Aquí os lapsos, os solapamentos,
as ausencias, os excesos
unha lingua dada á volta,
que lame estrías, lame cicatrices

Aquí vos fala a non desexada,
a sinalada, a precaria
a muller barbuda tomando o sol,
fálavos a filla da nai solteira,
fálavos un resignificado
do monolítico.

Son es outres
frente a sociedade respectable,
a promiscua, o marxinal,
eminentemente queer,
salvaxe,
ou como decirvos, querides?
a indomable.

